

PROXECTO PATIOS DINÁMICOS E INCLUSIVOS

CEIP PLURILINGÜE ALBORADA

P

PATIOS DINÁMICOS

INDICE:

- 1.- Diagnose
- 2.-Xustificación
- 3.-Obxectivos
- 4.-Destinatarios
- 5.-Contidos
- 6.-Metodoloxía
- 7.-Espazo
- 8.-Tempo
- 9.-Recursos
- 10.-.Avaliacion

1.-DIAGNOSE

O tempo de lecer durante a xornada escolar é unha oportunidade para xogar libremente e relacionarse ,compartir experiencias e emocións. Ás veces tamén pode ser unha fonte de continuos conflitos coma pode ser a ocupación do espazo ,problemas en canto a cumprimento de normas,comportamentos agresivos,excesiva competitividade ou excesivo sexismo nalgúns xogos ou deportes.

No recreo o alumnado desenvolve de maneira voluntaria aspectos fundamentais a nivel físico,social e emocional;pero está desligado do currículo ,polo tanto o profesorado pasa a ter un papel pasivo e soe limitarse a intervir nun momento de conflitividade e a asegurarse do cumprimento das normas.

Debido a cantidade de horas que en cada curso o alumnado está no recreo (unha media de 87,5 horas) pensamos que é necesario para unha educación inclusiva e de calidade aproveitar este tempo de lecer para unha mellora na convivencia.

Consideramos os Recreos Inclusivos como unha ferramenta de inclusión social que fomenta a participación de todo o alunado no tempo de lecer.

2.-XUSTIFICACIÓN

A idea deste proxecto nace a partir da necesidade de integrar intereses pedagóxicos e socializantes para a mellora da Convivencia no centro e promover tamén o aspecto emocional,físico e social do alumnado e evitar por outra banda a monopolización de certos deportes maioritarios socialmente como único xogo para unha parte importante do alumnado.

Buscamos unha excelencia educativa para o centro e os recreos ocupan parte importante no tempo do alumado,por tanto,debemos ter este aspecto en conta .

3.-OBXECTIVOS

- ⇒ Mellorar as habilidades a nivel social,emocional e físico do alumnado
- ⇒ Evitar estereotipos sexuais en canto o tipo de xogo ou deporte realizado
- ⇒ Crear unha serie de xogos inclusivos nos cales poda xogar todo o alumnado sin sentirse discriminado polas súas características físicas ou psicolóxicas.
- ⇒ Crear unha conciencia en toda a Comunidade Educativa da importancia dos recreos inclusivos

- ⇒ Mellorar a calidade dos recreos coa compra de material para levar a cabo os xogos.
- ⇒ Fomentar unha convivencia pacífica e unha mellora na resolución de conflitos mediante formación tanto de profesorado coma de alumnado.

4.-DESTINATARIOS:

Os protagonistas deste proxecto son a totalidade do alumnado do centro.

5.-CONTIDOS

Dentro dos diferentes tipos de xogos existentes o Equipo de Patios Dinámicos faran unha escolla e levaranse acabo de maneira pautada polo equipo e o alumnado voluntario.

Os xogos escolleranse entre os seguintes subgrupos:

- Xogos tradicionais
- Xogos alternativos
- Xogos de mesa
- Xogos musicais
- Xogos deportivos

6.-METODOLOXÍA

Neste proxecto utilizarase o xogo como principal recurso metodolóxico, según Cagigal,J.M.(1996) que define o xogo coma “unha acción libre, espontánea e placenteira, cunha limitación temporal e espacial concreta,cunhas regras establecidas ou improvisadas e o seu elemento informativo é a tensión”.

Os xogos elexidos serán organizados polo profesorado de Educación física e Departamento de Orientación apoiados polo profesorado de garda da zona onde se levan a cabo e axudados polo alumnado voluntario.

7.-ESPAZOS

Os espazos utilizados para a realización dos patios dinámicos serán a zona de patio de recreo de infantil e a zona de primaria en lugares onde non entorpezan asimesmo outros xogos e actividades.

8.-O TEMPO

Os recreos inclusivos teñen unha duración de 20 minutos dous días á semana(luns e xoves) dando comezo no mes de outubro e rematando en maio sempre que permita a climatoloxía.

Establecerase un turno semanal cos correspondentes xogos que se levarán a cabo,as zonas onde se xoga e o alumnado participante.

9.-OS RECURSOS

Os recursos humanos neste proxecto estarán organizados do seguinte xeito:

O profesorado debe

- Realizar unha labor de vixilancia e control das zonas onde se implementan os recreos inclusivos
- Supervisar o uso e recollida de material
- Comunicar suxerencias e incidencias que sucedan durante o tempo de lecer

O alumnado voluntario debe:

- Repartir o material e participar no desenvolvemento do xogo
- O alumnado voluntario debe ter un perfil dinamizador e saber que a súa función sempre debe ser motivar,mediar e transmitir tranquilidade.

Os recursos materiais serán os materiais aportados polo departamento de Educación Física e a maiores os novos xogos seleccionados para o desenvolvemento das actividades.

10.-AVALIACIÓN

Para avaliar o proxecto ,os seus puntos fortes e débiles ,o grupo de profesorado encargado de levar a cabo esta dinámica reunirse cada trimestre para recabar información de profesorado e alumnado a cal será valorada na CCP .Despois realizárase unha proposta de mellora se fose necesario.

